



Concello de Oza-Cesuras

MARÍA BELÉN GARCÍA OTERO, Secretaria do Tribunal seleccionador do proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións temporais de postos de peóns ou equivalentes para as obras por administración que se inicien neste exercicio ao abeiro do Plan Municipal de Obras e Servizos previsto no orzamento municipal 2019, INFORMA:

PRIMEIRO.- Que no día de hoxe se constituíu o tribunal do proceso de selección anteriormente indicado e se procedeu á valoración da experiencia profesional en postos similares e da posesión do carnet de conducir tipo B de conformidade cos méritos acreditados polos aspirantes na fase de concurso.

SEGUNDO.- Igualmente se acordou polo tribunal seleccionador establecer que a **fase de oposición** comprensiva da proba escrita e entrevista se levará a cabo o vindeiro **luns 29 de xullo de 2019 nas seguintes horas:**

- **Ás 9:50 horas se levará a cabo o exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo ás bases.** Esa proba será un test de 10 preguntas nun tempo máximo de 25 minutos.

Os resultados da citada proba escrita serán publicados no tablón de anuncios do concello e, potestativamente na páxina web municipal, con carácter previo á celebración da proba práctica.

- **Ás 11:15 horas se realizará a proba práctica aos aspirantes que superen o exame tipo test** que consistirá na realización de diversas tarefas e actividades, con ou sen manipulación de ferramentas e maquinarias, ao obxecto de demostrara as súas habilidades profesionais na realización da proba que ao efecto estipule a Comisión seleccionadora.

- **Ás 12:45 horas se realizará a entrevista persoal aos aspirantes que superen o proba práctica,** na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no no posto de traballo, interese demostrado así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira.

Os aspirantes deberán acudir provisto do DNI ás probas anteriormente indicadas.

O tribunal seleccionador realiza o chamamento de conformidade co establecido na Resolución de 15 de marzo de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso de Personal ao Servizo da Administración do Estado iniciándose por aqueles aspirantes dos que o primeiro apelido comeza por “Q”.

A Secretaria do tribunal seleccionador,